



PROVIDENCIA

Vistos os expedientes administrativo núm. 2018/C005/000002 e núm. 2019/C005/000001, de contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo da obra de “Mellora de equipamento e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe”, por lotes.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 97/2019, do 07/02/2019, polo que se declara deserto o procedemento de contratación, mediante procedemento aberto simplifícadísimo, da obra de Mellora de equipamento e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe”, por lotes (expediente municipal núm. 2018/C005/000002) por non presentarse ningunha oferta a esta licitación dentro do prazo legalmente establecido; e a Resolución de Alcaldía núm. 330/2019, de 25/04/2019, pola que se declara deserto o procedemento de contratación, mediante procedemento aberto simplifícadísimo, da obra de Mellora de equipamento e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe”, por lotes (expediente municipal núm. 2019/C005/000001) por non presentarse ningunha oferta a esta licitación dentro do prazo legalmente establecido que cumpra cos criterios de participación.

Atendendo a que segue resultando necesario para este Concello proceder á realización das actuacións incluídas no Convenio de colaboración subscrito entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Laxe para o financiamento da actuación de “Mellora de equipamentos e infraestruturas do museo do mar de Laxe”, que a continuación se relaciona:

PLAN	Denominación	Deputación	Concello	Total
CONVENIO DE COLABORACIÓN	MELLORA DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS DO MUSEO DO MAR DE LAXE	20.000,00 €	5.000,00 €	25.000,00 €

Tendo en conta a natureza das actuacións ás que fai referencia o obxecto do proxecto, estamos ante un contrato administrativo, tipificándose como un contrato mixto, cuxa prestación principal é a de subministración, a teor do art. 16 e 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), necesarios para posibilitar, de acordo coas leis, o cumprimento dos fins propios do concello.

Xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato para o cumprimento dos fins institucionais do concello, co obxecto da realización dun plan de mellora das instalacións do museo que permita desenvolver un maior número de actividades nunhas condicións axeitadas e habilitar espazos no mesmo para os bens culturais que se pretendan salvagardar e poñer en valor, de acordo co exposto na memoria xustificativa desta actuación.

Visto que este concello non conta con medios persoais nen materiais para acometer esta actuación.

Visto que o orzamento total do contrato, como máximo, ascende á contía de vinte e cinco mil euros (25.000,00 euros), estímase procedente a contratación da referida actuación mediante procedemento aberto simplifícadísimo, por razón da contía (art. 159.6 LCSP), así como por motivo da axilidade e celeridade na contratación, polo que procede volver a licitar de novo esta contratación mediante o mesmo procedemento.

As características do contrato son as seguintes:

Tipo de contrato: Mixto, prestación principal Subministración
Subtipo del contrato:
Obxecto do contrato: Subministración, montaxe, colocacións, instalación e reforma de

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

equipamentos e mobiliario novos e existentes no Museo do Mar de Laxe	
Procedimiento de contratación: abierto simplificado	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV: especificado para cada lote	
Valor estimado do contrato: 20.661,16 €	
Presupuesto base de licitación IVA excluído: 20.661,16 €	IVA%: 21%
Presupuesto base de licitación IVA incluído: 25.000,00 €	
Duración da execución: 2 meses	Duración máxima:

De acordo co establecido no prego de prescricións técnicas, establécense os seguintes lotes:

LOTE 1	Código CPV: 51600000-8, 30213100-6, 30231000-7, 30231300-0, 30232000-4, 30233132-5, 32552100-8
Descrición do lote: Adquisición de equipamento informático, visual e equipamento técnico para exposicións	
Valor estimado: 9752,07 €	
Presupuesto base de licitación IVA excluído: 9752,07 €	IVA%: 21% (2047,93 €)
Orzamento base de licitación IVA incluído: 11.800,00 €	
Lugar de execución: Museo do Mar de Laxe	

LOTE 2	Código CPV: 35120000-1, 35125300-2, 32333000-6, 38431000-5
Descrición do lote: Adquisición de equipamento de seguridade	
Valor estimado: 826,45 €	
Orzamento base de licitación IVA excluído: 826,45 €	IVA%: 21% (173,55 €)
Orzamento base de licitación IVA incluído: 1000,00 €	
Lugar de execución: Museo do Mar de Laxe	

LOTE 3	Código CPV: 39141300-5, 39112000-0, 39121200-8, 39515000-5, 44112020-6
Descrición do lote: Adquisición de mobiliario	
Valor estimado: 6.611,57 €	
Orzamento base de licitación IVA excluído: 6.611,57 €	IVA%: 21% (1388,43 €)
Orzamento base de licitación IVA incluído: 8.000,00 €	
Lugar de execución: Museo do Mar de Laxe	

LOTE 4	Código CPV: 31500000-1, 45261420-4, 51313000-9, 39717000-1
Descrición do lote: Melloras nas infraestruturas e nos equipamentos do inmoble do Museo do Mar	
Valor estimado: 3.471,07 €	
Orzamento base de licitación IVA excluído: 3.471,07 €	IVA%: 21% (728,93 €)
Orzamento base de licitación IVA incluído: 4.200,00 €	
Lugar de execución: Museo do Mar de Laxe	



Con respecto as condicións especiais de execución do contrato, ao amparo do art. 202 da Lei 9/2017, considérase convinte ter en conta consideracións de tipo laboral e social.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais,

No uso das atribucións que me son conferidas pola normativa vixente en materia de contratación,

RESOLVO:

Primeiro.- Que se inicie, de novo, o oportuno expediente administrativo para a contratación das mencionadas actuacións, tipificándose como un contrato mixto, cuxa prestación principal é a subministración e utilizándose, de ser legalmente posible, o procedemento aberto simplifícadísimo, por considerarse este procedemento, no presente caso, o máis áxil e idóneo para adxudicar estas actuacións. Se é posible, que se estableza como criterios de adxudicación cuantificables automaticamente: o prezo e a redución de prazos.

As características do contrato serían as seguintes:

“MELLORAS DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS DO MUSEO DO MAR DE LAXE”

- Obxecto: Subministro, montaxe e reforma de equipamentos do “Proxecto de mellora de equipamentos e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe

- Prezo máximo (IVA incluído): 25.000,00 €

- Prazo de execución: dous meses.

- O contrato será improrrogable.

- Establécense os seguintes lotes:

- Lote 1: Adquisición de equipamento informático, visual e equipamento técnico para exposicións, por importe de 11.800,00 €, IVE engadido
- Lote 2: Adquisición de equipamento de seguridade, por importe de 1.000,00 €, IVE engadido
- Lote 3: Adquisición de mobiliario, por importe de 8.000,00 €, IVE engadido
- Lote 4: Melloras nas infraestruturas e nos equipamentos do inmovible do Museo do Mar, por importe de 4.200,00 €

Segundo.- Que se incorpore ao expediente a seguinte documentación:

- O prego de prescricións técnicas titulado:

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO, MONTAXE E REFORMA DE EQUIPAMENTOS DO “PROXECTO DE MELLORA DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS DO MUSEO DO MAR DE LAXE”, redactado polo arquitecto municipal D. Antonio Corrochano Corrochano, en data 26 de marzo de 2018.

- “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO: MELLORA DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS DO MUSEO DO MAR DE LAXE”
- Memoria xustificativa do contrato.
- Certificación de existencia de crédito, da secretaría-intervención.

Terceiro.- Que informe a secretaria-interventora do concello sobre a lexislación aplicable, trámites a seguir, fiscalización do gasto e existencia nos orzamentos municipais de crédito adecuado e suficiente para levar a cabo o contrato, órgano competente para contratar e, en suma, sobre a adecuación desta proposta á legalidade.

Cuarto.- Publicar a presente providencia no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos no art. 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Laxe,
O alcalde
José Manuel Mouzo Castiñeira

Documento asinado electronicamente